


ANÁLISE DE ACCIDENTALIDADE NA REDE DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

ANO 2021

Febreiro 2022



ÍNDICE

| | |
|--|----|
| ÍNDICE | 2 |
| 1. INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2. CARACTERÍSTICAS DA ACCIDENTALIDADE..... | 3 |
| 2.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS..... | 3 |
| 2.2. TIPOLOXÍA DE ACCIDENTES | 6 |
| 2.3. ACCIDENTES CON VÍTIMAS..... | 10 |
| 3. CONCLUSIÓNS | 13 |

1. INTRODUCCIÓN

A rede de estradas da Deputación de Pontevedra conta con 1.620 quilómetros distribuídos en 364 vías. Neste documento estúdase a accidentalidade rexistrada nos últimos anos nestas vías de cara a avaliar o risco por sinistralidade das mesmas coa finalidade de actuar na súa mellora e paliar ou mellorar na medida do posible as deficiencias existentes nas infraestruturas que provocan ou favorecen que se produzan accidentes.


2. CARACTERÍSTICAS DA ACCIDENTALIDADE

2.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

Neste apartado exporase unha descrición xeral sobre a accidentalidade da rede de estradas da Deputación de Pontevedra nos últimos 5 anos. Nalgún caso, para ter unha idea máis ampla da evolución, empregaranse datos dende 2007.



A continuación móstrase un cadro cos indicadores xerais máis relevantes da sinistralidade sendo estes o número de accidentes, o número de accidentes con vítimas (ACV) e o seu resultado en forma de mortos e feridos, diferenciando entre os graves e os leves.

| Ano | Nº de accidentes | Nº ACV | Falecidos | Feridos graves | Feridos leves |
|------|------------------|--------|-----------|----------------|---------------|
| 2017 | 449 | 172 | 4 | 29 | 238 |
| 2018 | 392 | 134 | 2 | 14 | 195 |
| 2019 | 404 | 137 | 3 | 23 | 179 |
| 2020 | 325 | 105 | 3 | 12 | 135 |
| 2021 | 415 | 134 | 4 | 12 | 161 |



O **número de accidentes totais** rexistrados en 2021 **ascendeu** con respecto aos últimos anos, alcanzando valores que non se daban dende 2017, onde se produciu un pico de accidentalidade, e, anteriormente, dende 2013.

Con respecto ó número de **accidentes con vítimas**, aumentan con respecto ao 2020, ano no que o tráfico estivo fortemente influenciado polas restricións de mobilidade impostas por mor da crise sanitaria. Sen embargo, se comparamos os datos cos anos anteriores, o número de accidentes con vítimas é, xunto co rexistrado en 2018, **o menor da serie histórica**.




No ano 2021 rexistráronse **4 falecidos**, cifra **similar** ás rexistradas nos **últimos anos**. En canto aos **feridos**, tanto graves como leves, se non se ten en conta o ano 2020 polas súas especiais condicións de mobilidade, rexístrase en 2021 a **menor cifra da serie histórica**.

2.2. TIPOLOXÍA DE ACCIDENTES

Existe unha serie de tipoloxías de accidentes que son as que normalmente se atopan asociadas á maior parte dos sinistros que ocorren, sendo as tipoloxías que considera a DXT as que se mostran na seguinte táboa:

| TIPO DE ACCIDENTE | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|---|------|------|------|------|------|
| Atropelo a animal | 68 | 86 | 88 | 87 | 118 |
| Atropelo a peón | 11 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| Colisión de vehículos en marcha | 152 | 116 | 108 | 80 | 97 |
| Colisión de vehículos con obstáculos | 31 | 18 | 20 | 11 | 13 |
| Saída de vía | 164 | 148 | 168 | 123 | 152 |
| Outro tipo de accidentes/non especificado | 23 | 20 | 15 | 18 | 28 |





Se nos fixamos na tipoloxía de accidentes no total dos 5 anos que abrangue este estudo, podemos ver que a maior parte dos accidentes que se producen son **saídas de vía e colisións de vehículos en marcha**, sumando estes tipos de accidentes o **66%** dos totais. Tamén é

destacable o número de accidentes que se producen por **atropelo de animais**, situándose no **22%** do total se consideramos os datos agregados dos cinco anos. A cifra de **accidentes producidos por atropelos a animais aumentou especialmente no 2021**, supondo o **28,4% dos totais** e incrementando un **43,5%** con respecto á media desta tipoloxía de accidente rexistrada nos anos anteriores.


No tocante aos atropelos de peóns, os catro últimos anos mantéñense en cifras similares, aínda que cunha tendencia lixeiramente ascendente.

A continuación móstrase a evolución no número de accidentes de atropelo a peóns e a animais entre 2007 e 2021:






A continuación móstrase unha comparativa da evolución dos accidentes por saídas de vía e por colisión de vehículos en marcha, nos que se observa un cambio de tendencia nos últimos anos, nos que o número de saídas de vía supera ao de colisión de vehículos en marcha. Esta tendencia podería estar asociada ao aumento de accidentes debidos a distracción dos condutores, sobre todo, polo incremento do uso do teléfono móbil ao volante.




2.3. ACCIDENTES CON VÍTIMAS

Vemos agora as cifras de accidentes nos que se rexistraron vítimas:



| TIPO DE ACCIDENTE CON VÍTIMAS | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|--|------|------|------|------|------|
| Atropelo a animal | 2 | 4 | 1 | 1 | 2 |
| Atropelo a peón | 11 | 4 | 4 | 6 | 7 |
| Colisión de vehículos en marcha | 81 | 51 | 55 | 44 | 44 |
| Colisión de vehículos con obstáculos | 2 | 0 | 0 | 1 | 1 |
| Saída de vía | 68 | 68 | 70 | 42 | 67 |
| Outro tipo de accidente/non especificado | 8 | 7 | 7 | 11 | 13 |





Facendo unha comparativa entre o número de accidentes totais e o número destes accidentes nos que se rexistrou algún tipo de vítimas, vemos que **na maior parte** dos accidentes nos que se rexistrou un **atropelo dun peón**, houbo **vítimas**. De feito, do total de 33 accidentes rexistrados nos últimos 5 anos nos que houbo atropelo a peón, 32 foron accidentes con vítimas, manifestando esta cifra a vulnerabilidade do peón ante un accidente. No extremo contrario atópanse os accidentes debidos a **atropelos de animais e colisións con obstáculos**, que, nunha **gran parte** dos casos, se saldan **sen vítimas**.

Se nos fixamos na gravidade das vítimas:



Estudando os datos de accidentes nos que houbo falecidos nos últimos 5 anos, destaca que os accidentes por **atropelo de peón**, que supoñen soamente o **1,66% do total de accidentes** e o **4,69% dos accidentes con vítimas**, aumentan a porcentaxe ata o **18,75% dos accidentes con falecidos**.

Por outra banda, destacar que o **62% dos falecidos nos últimos 5 anos**, faleceron en **saídas de vía**.

En canto aos **medios de transporte implicados nos accidentes con vítimas**, móstrase a continuación unha táboa coa súa disgregación:

| ANO | BICICLETAS | CICLOMOTORES | MOTOCICLETAS | AUTOBUSES | CAMIÓNS | FURGONETAS | TURISMOS |
|------|------------|--------------|--------------|-----------|---------|------------|----------|
| 2017 | 11 | 8 | 26 | 1 | 14 | 23 | 220 |
| 2018 | 8 | 4 | 16 | 2 | 7 | 12 | 140 |
| 2019 | 9 | 6 | 20 | 2 | 4 | 13 | 148 |
| 2020 | 7 | 3 | 25 | 1 | 3 | 17 | 97 |
| 2021 | 9 | 4 | 26 | 1 | 8 | 12 | 129 |

3. CONCLUSIONES

Pese a rexistrarse un leve empeoramento no número de accidentes totais en 2021, o resto de indicadores de accidentalidade son dos mellores rexistros dos últimos anos, a excepción do ano 2020 no que, por mor das restriccións de mobilidade derivadas da crise do COVID 19, o tráfico descendera máis dun 20 % con respecto ao ano anterior e isto viuse reflectido no rexistro de accidentes-

Dende a Deputación de Pontevedra, estanse levando a cabo múltiples actuacións para mellorar a seguridade viaria e fomentar o calmado do tráfico nas diferentes estradas da nosa competencia coa finalidade de que estes datos vaian en continuo descenso e aproximarse á cifra ideal de cero mortos en estradas provinciais. As actuacións levadas a cabo, encamiñadas á mellora da seguridade priorizando os colectivos máis vulnerables, comezaron a materializarse sobre todo a partir do ano 2017 coa execución da primeira fase do plan Móvese, ademais doutros proxectos plantexados sempre coa filosofía dunha mellora da seguridade viaria.